

Verín, 14 de marzo de 2007

O IES García Barbón de Verín ten o pracer de convidaros á **Xornada de Portas Abertas** que celebraremos o vindeiro **domingo 25 de marzo**, festividade de San Lázaro, festa de moita sona na nosa vila.

O acto estará inaugurado polo Sr. Director Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais D. Antonio Vázquez Vázquez, contaremos coa presenza do Sr. Delegado Provincial D. Gonzalo Iglesias Sueiro e coas autoridades municipais.

Ó longo da xornada terán lugar diversos obradoiros e exposicións cos que tentamos que o poboación se achegue ó noso centro educativo para disfrutar dun día festivo e para coñecer as instalacións e a oferta educativa do Instituto.

Agardamos contar coa túa presenza

Un cordial saúdo

A DIRECTORA

Asdo: María Teresa Jiménez Pérez

A/A de blogueiros e blogueiras do Blog de Orientación